






Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 109/2019**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 4 de marzo de 2019, a Comisión da Transparencia, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 07/08/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da información solicitada ante a Consellería de Sanidade, referente á obtención dos resultados do  no tratamento aberto dunha patoloxía determinada.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia a da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 19 de agosto de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 22 de agosto de 2019.

**Terceiro.** Con data 1 de outubro de 2019 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

A Consellería de Sanidade informa que o interesado foi operado no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña) nun único episodio asistencial por derivación urxente dun hospital privado da Coruña, e que non dispón de tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde, xa que pertence a unha mutualidade. Dende a alta hospitalaria o 26/03/2017, ven cuestionando os resultados desa intervención dirixindo escritos reclamatorios de toda indole tanto á Consellería de Sanidade como ao Sergas.

Nesta ocasión solicita o acceso á información dos resultados do facultativo que o atendeu desde que presta servizos no Sergas ata o 25/03/2017, data na que realizou a súa intervención cirúrxica. Non é posible acceder á petición, porque non existen os datos solicitados e en ningún hospital se determinan os resultados da actividade médica.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente polo que polo que, transcorrido o prazo dun mes dende a presentación da solicitude no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (5 de xullo de 2019, segundo figura na copia remitida co informe da Consellería) débese considerar a reclamación presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Como se establece no fundamento xurídico terceiro desta resolución, por información pública debemos entender os contidos ou documentos que consten en poder dalgún dos suxeitos obrigado a proporcionar información, neste caso a Consellería de Sanidade. Tal e como se establece no informe da Consellería, esa información non existe, dado que en ningún hospital se recollen os resultados da actividade médica. Ao non existir a información solicitada polo reclamante, procedería a desestimación da reclamación presentada.

Por outra banda, o reclamante solicitou exactamente a mesma esta mesma información á Consellería de Sanidade con data do 28 de xullo de 2018, solicitude de acceso que foi obxecto de reclamación ante esta Comisión de Transparencia (expediente RSCTG 49/2018), que resolveu con data do 4 de xuño de 2019, desestimala por non existir a información solicitada polo interesado.

No presente caso, non consta que a Consellería de Sanidade resolvese a solicitude de acceso, pero de telo feito, debería ter inadmitida a mesma de acordo co disposto no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, por tratarse dunha solicitude manifestamente repetitiva.

Tal como recolle o Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno se da este motivo de inadmisión cando existe unha petición de acceso á información pública igual a outra presentada anteriormente polo mesmo solicitante, que fose rexeitada e a resposta adquirise

firmeza. Igualmente sería manifestamente repetitiva se se tratara de un asunto de resposta imposible, ben polo contido ou por razóns de competencia e así se lle notificase e xustificara ao solicitante da información.

Sen embargo, a pesar de que non consta a resolución da solicitude, a Administración informa da inexistencia dos datos solicitados, polo que ao non existir a información pública solicitada, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 7 de agosto de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información ante a Consellería de Sanidade, referente a os resultados dun determinado profesional sanitario no tratamento dunha determinada patoloxía.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**